

**XIX PREMIOS
DE TEATRO
MARÍA CASARES**

a asociación de
actores e actrices
de Galicia



DOSIER DE PRENSA

O próximo xoves 26 de marzo, véspera do Día Mundial do Teatro, celebrarase a gala dos XIX Premios de Teatro María Casares no Teatro Rosalía Castro na Coruña. No seguinte dossier atoparedes toda a información ao respecto dos galardóns, da cerimonia, os espectáculos que compiten nas 14 categorías, o Premio de Honra Marisa Soto e do Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro.

CONTIDOS

- Os galardóns da Escena Galega
- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)
- María Casares, actriz universal
- A historia dos Premios
- Nomeados/as dos XIX Premios María Casares
- Espectáculos finalistas
- Vicente Montoto Premio de Honra
- Xurxo Borrazas, autor do Manifesto Galego do Día Mundial
- A Gala dos María Casares
- Créditos da Gala

Os galardóns da escena galega

Os Premios María Casares son os galardóns de carácter anual que distinguen as producións escénicas galegas feitas en lingua galega. Outórganse no ámbito do país ás montaxes estreadas durante o ano anterior á súa concesión e a todos os profesionais que nelas participan. A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) promove estes galardóns que, dende o ano 1997, buscan recoñecer o traballo realizado polos diferentes profesionais do sector na súa totalidade, dende os maquilladores, vestiaristas, iluminadores, músicos, guionistas, adaptadores, tradutores, autores, escenógrafos, iluminadores e directores até o corpo interpretativo. Deste xeito, os María Casares convértense dende a súa creación no gran escaparate do teatro feito en Galicia e visibiliza o labor desenvolvido por todos os seus traballadores.

Con eses obxectivos, os galardóns constan de catorce categorías diferentes que representan todas as facetas da produción escénica. Ademais, a AAAG entrega cada ano o Premio de Honra Marisa Soto, co que o sector agradece e recoñece a traxectoria de colectivos e persoas relevantes no desenvolvemento do sector teatral. Nestes XIX Premios de Teatro María Casares, a organización decidiu crear unha categoría nova: á do Premio ao Mellor Espectáculo. Este novo apartado únese así aos trece xa establecidos dende os comezos dos galardóns: mellor maquillaxe, mellor vestiario, mellor iluminación, mellor música orixinal, mellor texto orixinal, mellor escenografía, mellor actor secundario, mellor actriz secundaria, mellor actor protagonista, mellor actriz protagonista, mellor dirección e mellor espectáculo.



A Asociación de Actores e Actrices de Galicia

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa a máis de 300 profesionais do audiovisual e das artes escénicas de Galicia, cuxa misión é articular, desenvolver e promocionar o sector, en especial a través da elevación técnica e a mellora laboral dos seus profesionais, acorde coas máis modernas políticas culturais. O colectivo asume tamén o obxectivo de fomentar a demanda cultural e a captación de público.

Dende a súa constitución en 1985, a AAAG foi consolidando a súa representatividade e gañando posicións. Hoxe é o interlocutor de referencia entre as administracións públicas e o sector empresarial escénico e audiovisual e un dos axentes culturais con máis presenza pública en Galicia. E todo cun papel proactivo, que se singulariza polo lanzamento de iniciativas produtivas que contribúen a xerar emprego para os asociados.



En materia laboral e de representatividade sectorial a asociación reivindica melloras e trata de garantir o cumprimento dos convenios; presta asesoramento laboral e xurídico aos socios; xestiona unha bolsa de emprego e actualiza un catálogo de profesionais asociados, en versión impresa, dixital en formato DVD e *on line*. Ademais, organiza cursos de formación e ofrece unha axenda con información sobre eventos, cástings, cursos e bolsas, mantén unha biblioteca virtual de textos de teatro e lecturas dramatizadas e elabora estudos e informes sobre o sector.

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia conta cunha utilidade social debidamente contrastada e vén obtendo un constante recoñecemento e respaldo por parte de distintas entidades, desde un enfoque de fomento da demanda cultural en Galicia e de apoio á vertebración do noso sector escénico e audiovisual.

María Casares, actriz universal

As razóns que levaron a Asociación de Actores e Actrices de Galicia a bautizar os galardóns da escena galega co nome de María Casares vense sustentadas na propia biografía e nunha dilatada carreira profesional, merecedora de lle render homenaxe, de quen foi a primeira actriz galega de proxección internacional.

María Casares estudou interpretación no Conservatorio de París, onde conseguiu ingresar en 1941 malia as dificultades cun idioma que aínda non dominaba. O seu primeiro papel profesional foi en *A Celestina*. En outubro de



María Casares

1943 representou con grande éxito a obra de George Neveux *A viaxe de Teseo* e protagonizou varias obras escritas por Camus, como *O malentendido*, *Estado de sitio* e *Os xustos*, ademais de obras de Sartre, Jean Anouilh, Jean Cocteau, Genet e Claudel, converténdose na musa do existencialismo francés.

En 1949 entra na Comédie Française e cinco anos máis tarde no Teatro Nacional Popular (TNP), compañía pública cunha forte preocupación social. Deulle vida ás grandes protagonistas dos dramaturgos máis recoñecidos, como Lady Macbeth, María Tudor ou Ana Petrova, en obras de Shakespeare, Victor Hugo, Antón Chéjov, Ibsen ou Eurípides, entre outros. Iniciouse no cine cun papel secundario nunha película de Marcel Carné, *Os nenos do paraíso*, e en 1944, protagoniza *As damas da Fraga de Boloña* de Robert Bresson. Jean Cocteau dirixiuna en *Orpheo* (1950).

A súa residencia en París non foi libremente escollida senón produto do exilio. María Casares Quiroga acompañou a seu pai Santiago Casares Quiroga, ministro e xefe de Goberno da República durante o Goberno de Manuel Azaña, en 1939, pouco antes do final da Guerra Civil. Por este motivo representa aqueles artistas galegos que por razóns políticas e/ou económicas se viron forzados a emigrar. En 1977 voltou a España para representar *El Adefesio*, de Rafael Alberti, en Madrid e Barcelona.

En 1989 conseguiu o Premio Molière á mellor actriz de teatro e foi nomeada aos César. Recibiu do Goberno francés o Premio Nacional de Teatro, e en España, a Medalla ao Mérito das Belas Artes. Obtivo o Premio Segismundo da Asociación de Directores de España. A propia María Casares aceptou que os premios de teatro de Galicia levasen o seu nome, pero o seu pasamento en 1996 impediulle asistir á primeira edición dos mesmos.

A historia dos premios

A historia dos Premios de Teatro María Casares remóntase ao ano 1997, cando por iniciativa da Asociación de Actores e Actrices de Galicia se instituíron os primeiros premios que recoñecían o labor dos profesionais que fan teatro no noso país, enchendo un oco baleiro até o momento no eido do recoñecemento e estímulo para os artistas e técnicos da escena do país. Os premios son concedidos dende o criterio dos propios compañeiros de profesión, integrados nun censo de electores conformado polos asociados da AAAG, todos os gañadores e finalistas das edicións anteriores, os programadores de toda Galicia, os críticos e estudosos teatrais. A idea é promover e colocar o teatro no lugar que merece dentro das artes e da cultura.



Até este 2013, moitos foron os cambios do teatro en Galicia. Pasamos da ditadura á democracia, e coa democracia á Autonomía de Galicia. Un ano antes da creación da nosa Asociación no 1985, púñase en marcha o Centro Dramático Galego. A Asociación traballou intensamente dende o seu nacemento por mellorar e consolidar a actividade teatral profesional, con propostas que se recolleron no “libro roxo”, e que foron concretándose, por exemplo, na posta en marcha do IGAEM, hoxe AGADIC, da Rede Galega de Teatros, Auditorios e Salas, e da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. E mais recentemente, na consecución longos anos agardada, do Convenio Colectivo de Teatro. Os Premios de Teatro María Casares xa son un momento central no esforzo permanente por difundir e promover a actividade dos nosos profesionais e das compañías teatrais galegas. E por suposto, estimular o público, que nestes anos incrementouse dun xeito notable.

NOMEAD@S XIX PREMIOS MARÍA CASARES

MELLOR MAQUILLAXE		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Fany Bello	As Fillas Bravas	Chévere
Fany Bello	A Tempestade	Voadora
Raquel Fidalgo	Pequenas Certezas	Sarabela Teatro

MELLOR VESTIARIO		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Carlos Alonso	Ultranoite no País dos Ananos	Chévere
Uxía P. Vaello	A tempestade	Voadora
Yaiza Pinillos	Perplexo	IlMaquinario Teatro

MELLOR ILUMINACIÓN		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Afonso Castro	Ra Ra Ra	Abrapalabra Creacións
Dani Pais	Kassa	Elefante Elegante
José Álvaro Correia	A Tempestade	Voadora
Tito Asorey/ Germán Gundín	Perplexo	ilMaquinario Teatro

MELLOR MÚSICA ORIXINAL			
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía	
Ailén Kendelman	PAN! PAN!	A Panadaría	
I. Pinheiro, M. de Nut, J. Ons, Kibitka, M. Ares, C. Suárez, S. Alonso, G. Guerreiro, D. Pais e Panforreiteiro,	Kassa	Elefante Elegante	
José Díaz, Hugo Torres e Fernando Epelde	A tempestade	Voadora	
Xacobe Martínez Antelo	Ultranoite no País dos Ananos	Chévere	

MELLOR ADAPTACIÓN-TRADUCCIÓN		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Avelino González e Olga F. Nogueira	Meu ben	Eme2 Producións
Catuxa Pato e Tito Asorey	Perplexo	IlMaquinario Teatro
Manuel Cortés e Fernando Epelde	A Tempestade	Voadora

MELLOR TEXTO ORIXINAL		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Cándido Pazó	Demolición	Talía Teatro
Manuel Cortés	Ultranoite no País dos Ananos	Chévere
Quico Cadaval	Bobas & Galegas	Producións Teatrais Excéntricas



MELLOR ESCENOGRAFÍA		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Ana Luen	A tempestade	Voadora
Carlos Alonso	Ultranoite no País dos Ananos	Chévere
Carolo Losada Soto	Kassa	Elefante Elegante

MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA		
Nomeada	Espectáculo	Compañía
Areta Bolado	Pan! Pan!	A Panadaría
Mónica García	As fillas Bravas	Chévere
Patricia de Lorenzo	As Fillas bravas	Chévere
Sabela Gago	Pequenas Certezas	Sarabela Teatro

MELLOR ACTOR SECUNDARIO		
Nomeado	Espectáculo	Compañía
César Goldi	Ultranoite no País dos Ananos	Chévere
Borja Fernández	A Tempestade	Voadora
Guillermo Weickert	A Tempestade	Voadora

MELLOR ACTRIZ PROTAGONISTA		
Nomeada	Espectáculo	Compañía
Elina Luaces	Meu ben	Eme2 Producións
Laura Míguez	Perplexo	IlMaquinario Teatro
Luisa Merelas	Longa viaxe cara á noite	Centro Dramático Galego
Melania Cruz	Perplexo	IlMaquinario Teatro
Sheyla Fariña	Roedores	Redrum Teatro

MELLOR ACTOR PROTAGONISTA		
Nomeado	Espectáculo	Compañía
Fran Lareu	Perplexo	ilMaquinario Teatro
Fernando González	Perplexo	IlMaquinario Teatro
Machi Salgado	O Feo	CatroCadeiras

MELLOR DIRECCIÓN		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Chévere	Ultranoite no País dos Ananos	Chévere
Tito Asorey	Perplexo	ilMaquinario Teatro
Marta Pazos	A Tempestade	Voadora


MELLOR ESPECTÁCULO INFANTIL	
Espectáculo	Compañía
Roedores	Redrum teatro
As fabas máxicas	Caramuxo Teatro
A casa do Avó	Tanxarina

MELLOR ESPECTÁCULO	
Nomeado	Compañía
A tempestade	Voadora
Perplexo	IlMaquinario Teatro
Ultranoite no País dos Ananos	Chévere


NÚMERO DE NOMEACIÓNS DOS ESPECTÁCULOS FINALISTAS E CATEGORÍAS

1. **A TEMPESTADE (10)**: maquillaxe, vestuario, iluminación, música orixinal, adaptación-tradución, escenografía, actor secundario (por partida dobre: Borja Fernández e Guillermo Weickert), mellor dirección e mellor espectáculo.
2. **PERPLEXO (9)**: vestuario, iluminación, adaptación-tradución, actor protagonista (por partida dobre: Fran Lareu e Fernando González), actriz protagonista (por partida dobre (Laura Míguez e Melania Cruz), dirección e espectáculo.
3. **ULTRANOITE NO PAÍS DOS ANANOS (7)**: vestuario, música orixinal, texto orixinal, escenografía, actor secundario, dirección e espectáculo.
4. **KASSA (3)**: iluminación, música orixinal e escenografía
5. **AS FILLAS BRAVAS (3)**: Maquillaxe, actriz secundaria por partida dobre (Mónica García e Patricia de Lorenzo)
6. **PAN! PAN! (2)**: Música orixinal, mellor actriz secundaria
7. **MEU BEN (2)**: adaptación-tradución, actriz protagonista
8. **ROEDORES (2)**: actriz protagonista, mellor espectáculo infantil
9. **PEQUENAS CERTEZAS (2)**: actriz secundaria, maquillaxe
10. **DEMOLICIÓN (1)**: Texto orixinal
11. **BOBAS&GALEGAS (1)** Texto orixinal
12. **LONGA VIAXE CARA Á NOITE (1)**: Actriz protagonista
13. **O FEO (1)**: Actor protagonista
14. **RA, RA, RA (1)**: iluminación.
15. **AS FABAS MÁXICAS (1)**: espectáculo infantil
16. **A CASA DO AVÓ (1)**: espectáculo infantil

MELLOR ESPECTÁCULO



MELLOR ESPECTÁCULO INFANTIL



A Tempestade. Dez candidaturas



Voadora leva 'A tempestade' Shakespeare á súa illa estética

A compañía Voadora adapta a Shakespeare nunha montaxe dirixida por Marta Pazos. *N'A tempestade*, Próspero, duque lexitimo de Milán, foi expulsado polo seu irmán e remata exiliado nunha illa, onde vive só coa súa filla e unha serie de espíritos e demos que goberna grazas ao seu control da maxia. Un día, o irmán usurpador nunha viaxe en barco sofre un naufraxio coa súa corte e o seu fillo pola intercesión do propio Próspero. Todos acaban na mesma illa, onde a vinganza e o amor se entrelazan na historia.

MAQUILLAXE	ACTOR SECUNDARIO
Fany Bello	Borja Fernández
VESTIARIO	ACTOR SECUNDARIO
Uxía P. Vaello	Guillermo Weickert
ILUMINACIÓN	ACTOR SECUNDARIO
José Alvaro Correia	Iván Marcos
ADAPTACIÓN-TRADUCIÓN	DIRECCIÓN
M. Cortés e F. Epelde	MARTA PAZOS
ESCENOGRAFÍA	ESPECTÁCULO
Ana Luena	A Tempestade

Perplexo. Nove candidaturas



Unha comedia de ilMaquinario sobre as aparencias e as máscaras

VESTIARIO	ACTRIZ PROTAGONISTA
Yaiza Pinillos	Melania Cruz
ILUMINACIÓN	ACTOR PROTAGONISTA
T. Asorey/ Germán Gundín	Fran Lareu
TEXTO ADAPTADO	ACTOR PROTAGONISTA
Tito Asorey/ Catuxa Pato	Fernando González
ACTRIZ PROTAGONISTA	DIRECCIÓN
Laura Míguez	Tito Asorey
ESPECTÁCULO	
Perplexo	

A segunda montaxe de ilMaquinario adapta un dos últimos textos de Marius von Mayenburg. Laura e Fernando volven á súa casa despois dunha viaxe e notan rapidamente que hai cousas que non encaixan, que cambiaron. Encargáranlles a uns amigos, Fran e Mela, que coidasen da súa casa. Cando esta nova parella entra en escena dá un xiro a historia: parecen eles os propietarios. Así iníciase unha comedia sobre as aparencias e sobre as máscaras sociais que usamos cada día.

Ultranoite no País dos Ananos Sete candidaturas



Chévere celebra no País dos Ananos 20 anos de Ultranoite

VESTIARIO
Carlos Alonso
MÚSICA ORIXINAL
Xacobe Martínez Antelo
TEXTO ORIXINAL
Manuel Cortés
ESCENOGRAFÍA
Carlos Alonso
ACTOR SECUNDARIO
César Goldi
DIRECCIÓN
Chévere
ESPECTÁCULO
Ultranoite no País dos Ananos

A compañía Chévere creou unha Ultranoite especial para celebrar o vinte aniversario da Ultranoite, o formato de Cabaré e improvisación que creou a compañía na desaparecida Sala Nasa. Nesta ocasión, propoñen un Ultranoite de conmemoración nun país dos ananos que ben podería ser Galicia e na que empregan como grandes referentes a Celso Emilio Ferreiro, autor d'*O país dos ananos* e Jonathan Swift, autor d'*As viaxes de Gulliver*. A compañía, que recibiu no pasado ano 2014 o Premio Nacional de Teatro, escolleron estes dous escritores por estaren unidos polo seu mal xenio e un lirismo tan afiado coma insultante. A montaxe está dirixida polo conxunto da compañía e o texto pertence a Manuel Cortés.

Kassa. Tres candidaturas



ILUMINACIÓN	MÚSICA ORIXINAL	ESCENOGRAFÍA
Dani Pais	I. Pinheiro, M. de Nut, J. Ons, Mano Panforreiteiro, Kibitka, M. Ares, C. Suárez, S. Alonso, G. Guerreiro e D. Pais.	Carolo Losada

Elefante Elegante inspírase n'A metamorfose'

Elefante Elegante achéganos un espectáculo de teatro visual, inspirado n'A *metamorfose* de Kafka, que se desenvolve en base aos principios da escultura. A estrutura escenográfica, os actores, os bailaríns e as videoproxeccións constitúen un organismo vivo en constante movemento.

As fillas bravas. Tres Candidaturas

MAQUILLAXE
Fanny Bello
ACTRIZ SECUNDARIA
Patricia de Lorenzo
ACTRIZ SECUNDARIA
Mónica García

Chévere, o humor e as posibilidades dun teatro con perspectiva de xénero

As fillas bravas son tres mulleres que tocan e cantan como lles peta como antes fixeron a súa nai e a nai da súa nai, porque son fillas do mesmo vento, mulleres de andar a pé de toxo, orgullosas de vir de tras a silveira.



Roedores. Dúas candidaturas



Unha auténtica fábula a prol da igualdade

Roedores, de Redrum Teatro, é unha fábula dramatizada que fomenta a igualdade facendo fincapé na igualdade de sexo coas peripecias dos protagonistas. Peludiño é un hámster que escapou da gaiola para vivir aventuras. Munda, unha rata soñadora que pasa as noites buscando no lixo para levarlles comida aos seus irmáns.

Espectáculo Infantil

Roedores

Atriz protagonista

Sheila Fariña

Meu Ben. Dúas candidaturas

Retrato de tres xeracións de mulleres

Amor, vida, sexo, morte e clases de salsa. Tres xeracións de mulleres nesta obra de Eme2. Un ano extraordinario. Ámber, que acaba de saír do instituto, vive sen ningún tipo de preocupacións. A súa nai Lorraine visita o médico de cabeceira tras atacar un cliente no traballo. A avoa Kay tenta superar a frustración de vivir cos setenta anos mentres coida do home enfermo.

Adaptación-tradución

Avelino González/ Olga F. Nogueira

Atriz

Elina Luaces



PAN! PAN! Dúas candidaturas



Parodiar o western con só unha bandeira

A Panadaría estréase cunha obra sorprendente, na que tres actrices constrúen oito personaxes, cinco espazos e toda a música só axudadas por unha bandeira dos EUA. Trátase dunha parodia dos *westerns* con música vocal en directo. Conta a historia de Harry, un *cowboy* namorado na procura da muller roubada polos indios

Música orixinal

Ailén Kendelman

Atriz secundaria

Areta Bolado

Pequenas certezas. Dúas candidaturas



Unha viaxe para loitar contra o baleiro

Sarabela Teatro preséntanos Pequenas Certezas, unha viaxe, unha escala necesaria para seguir andando, un esforzo para moverse e non quedar varando ante o baleiro, ante o non atoparnos a nós mesmo.

Maquillaxe

Raquel Fidalgo

Actriz secundaria

Sabela Gago

DEMOLICIÓN UNHA CANDIDATURA



Comidrama no precipicio

Unha proposta de Talía Teatro entre o humor e a emoción, entre a dor e o pracer, entre o divertimento e a reflexión. Unha situación, un conflito, personaxes e diálogo. Catro pés para o banco da comunicación teatral. Hai outros, mais Talía quixo probar se chegaba con estes para que o banco se mantivese en pé. Trátase dun comedrama, un termo que expresa esa alquimia dramática entre o humor e a emoción. A espera, un eco beckettiano que chega de lonxe. O Fracaso do colectivo reverberando metaforicamente.

TEXTO ORIXINAL

Cándido Pazó

BOBAS & Galegas UNHA CANDIDATURA



Viaxe ao Século de Ouro

Producións Teatráis Excéntricas levan a Mofa e Befá, coa dirección e a autoría de Quico Cadaval, á literatura do Século de Ouro. Trasládanse a aquel tempo de gorgueiras nunha aposta de humor que mestura cabaré e texto en verso con personaxes propios do clown como son os dous segadores galegos en plena Castela ideados polos actores Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira, que estrearon esta montaxe tan singular no Festival de Almagro. Na peza ofrecen un visión cómica do papel dos galegos nos textos de autores como Calderón.

TEXTO ORIXINAL

Quico Cadaval

O FEO UNHA CANDIDATURA



A obsesión pola aparencia

Lette considérase unha persoa normal. Traballa duro como ensxeñeiro e goza dun matrimonio agradable, tranquilo e sen ningún tipo de sobresaltos. Mais un día descobre unha verdade: é espantosamente feo. Así comeza unha comedia que dun xeito moi divertido e mordaz denuncia a nosa obsesión pola beleza, o éxito e a aparencia. A obra achéganola Catro Cadeiras, unha compañía de nova creación que artella, principalmente, a súa estratexia creativa ao redor da aposta pola escenificación de dramaturxias contemporáneas.

ACTOR PROTAGONISTA

Machi Salgado

**RA, RA, RA
UNHA CANDIDATURA**



A música das ras

Abrapalabra presenta o seu primeiro espectáculo familiar. Dirixido e escritor por Cándido Pazó e coa interpretación de Víctor Mosqueira, Toni Salgado, Carla Capeáns e Beatriz Méndez; esta produción vai *“de cando as ras/ moitísimo tempo atrás/ pola noite non cantaban porque tiñan medo/ e deitábanse cedo. / Así chegaban as primeiras tebras/ e, negras/ pintabande sombras o río... /Que canguelo, que arrepío”*. A produción conta cun corpo actoral que mestura a garantía da veteranía e o entusiasmo da mocidade.

**As fabas máxicas
UNHA CANDIDATURA**



Xan, as fabas e Nova York

Nesta espectáculo contado en primeira persoa e monicreques, Caramuxo Teatro achéganos unha nova versión do coñecido conto infantil *Xan e as fabas máxicas*. Tras criarse na aldea coa súa avoa, Xan vive agora de adulto nun apartamento en Nova York. Un día, coidando as plantas da súa terraza, descobre algo que lle fai lembrar unha infancia chea de aventuras. Dirixida a nenos e a nenas de 4 anos, o obxectivo desta segunda proposta de Fala Redes é que o público familiar se achega ao teatro por medio dunha obra de humor e emoción.

**A Casa do Avó
UNHA CANDIDATURA**



Teatro social e de dereitos

Tanxarina preséntanos a historia de Roberto, quen recibe a noticia de que o seu avó vai quedar sen casa. Diante desta inxusta situación, o nenoponse en marcha para atopar a solución, e, nesta busca, dispárase un mundo de pequenas e divertidas aventuras protagonizadas polas máis variadas personaxes. Un encontro cómico e poético que desemboca nun final feliz propiciado polo apoio solidario. Para Tanxarina, trátase dunha peza de teatro social e educativo onde os dereitos dos nenos e dos maiores van máis alá do artístico.

MELLOR ILUMINACIÓN

Afonso Castro

ESPECTÁCULO INFANTIL

As Fabas máxicas

ESPECTÁCULO INFANTIL

A casa do avó

LONGA VIAXE CARA Á NOITE. UNHA CANDIDATURAS



Retrato dunha familia americana ao bordo do abismo

Eugene O’Neill presenta neste texto a crónica dun só día na vida dos Tyrone, unha familia norteamericana quebrada polas frustracións e os vicios: James, un actor de éxito que xamais formou realmente unha familia; Mary, a súa muller cunha adicción insuperable; Jamie, o fillo maior alcólico, e Edmund, unha sorte de alter ego do propio autor.

ACTRIZ PROTAGONISTA

Luisa Merelas

PREMIO DE HONRA MARISA SOTO

VICENTE MONTOTO



Nacido en Untes (Ourense) en 1943, Vicente Montoto é un todoterreo no mundo do teatro. Intérprete, director e dramaturgo, é un dos referentes do teatro en Galicia, ao que viu medrar dende unha situación de práctica invisibilidade até a profesionalización e consolidación do sector. Sector que Montoto defendeu tanto dende os escenarios coma dende o punto de vista das condicións laborais, xa que formou parte desa primeira xeración de profesionais pioneiros que asentou as bases do teatro profesional e desenvolveu un importante labor sindical ao ocupar distintas responsabilidades, como ser secretario xeral do Sindicato Galego do Espectáculo de Comisións Obreiras.

O seu primeiro traballo profesional na escena conseguíuno aos 16 anos na obra *El octavo día*, coa Compañía de Delia Garcés e Enrique Fava, dirixida por Jorge Petraglia. A obra estreouse en 1959 en Bos Aires, a onde Montoto emigrara como tantos outros galegos da súa xeración e onde se formaría como intérprete na Escola de Arte Dramática de Boyce Díaz Ulloque e no Instituto de Teatro da Universidade de Bos Aires. En terras arxentinas traballou tamén en diversas montaxes, entre as que se poden destacar *El convidado de piedra* ou *El gran teatro del mundo*.

Non foi o único proxecto no exterior dun Montoto que, antes de regresar a Galicia e traballar a prol da profesionalización do teatro dende todas as súas vertentes, tamén visitou Suíza para dirixir e interpretar unha montaxe escrita por Xenaro Mariñas del Valle, titulada *A Revolta*. A peza estreouse en 1968 co Grupo de Teatro A Nosa Galiza de Xenebra, en Suíza.

O seu traballo teatral -como actor, director e autor- estivo especialmente vencellado á compañía Uvegá Teatro, formación coa que estreou textos propios como *Tríngulin Trángala* (1988), *Fedra Gómez* (1989), *Volve o cabaré* (1992), *Pa* (1996), *Zocos* -escrita xunto a Manuel Lourenzo- (1999) ou *Pallasos* (2004), gran parte delas dirixidas por el e das que formou parte do elenco como

actor. En Uvegá, ademais, adaptou textos como *A casa dos espíritos* de Isabel Allende ou *O retrato de Dorian Grai*, de Oscar Wilde, e dirixiu montaxes de autores como Vidal Bolaño, do que levou a escena *Cochos* en 1988; Álvaro Cunqueiro, do que dirixiu unha montaxe titulada *A Elas e a Cunqueiro* (1999), ou Strindberg, do que dirixiu *A señorita Xulia* no ano 2000.

Vicente Montoto traballou con outras moitas compañías como actor. Con Caritel actuou en obras como *Isto non é serio, señores*, *Olo ó piollo*, *King Kong* e *Historias de Taparratá*. Con Teatro do Atlántico participou en *Liberdade Bremana* e con Teatro do Aquí, compañía que dirixía Vidal Bolaño, formou parte do elenco da histórica *Saxo Tenor*.

A pegada do intérprete tamén se deixou notar ao longo das décadas no Centro Dramático Galego. Na unidade de teatro público, Montoto traballou en máis dunha ducia de montaxes. Entre elas, destacan *A Pousadeira*, *O mozo que chegou de lonxe*, *A noite vai coma un río*, *Nau de Amores*, *Viaxe e fin de don Frontán*, *A Lagarada*, *Hostia* ou as monumentais *O Incerto Señor don Hamlet* e *Xelmírez ou a gloria de Compostela*.

No audiovisual, Montoto tamén labrou unha prolífica carreira traballando tanto no cine coma na televisión. Entre as fitas nas que participou destacan a fundacional *Urxa* (García Pinal/Piñeiro, 1989), *La ley de la Frontera* (Adolfo Aristarain, 1995), *Nena* (Xavier Bermúdez, 1997), *Heroína* (Gerardo Herrero, 2008), *A noite que deixou de chover* (Alfonso Zarauza, 2008) ou *A praia dos afogados* (Gerardo Herrero, pendente de estrea). Na televisión, ten participado en *telemovies* como *Eduardo Barreiros, o Henry Ford galego* (2011), *La Bella Otero* (2007) ou *Condenado a vivir* (2001), e en series como *Os outros feirantes* (TVG, 1989), *Pratos combinados* (1995) *Rías Baixas* (2005) ou *Gondar* (2009). Na Radio Galega, presentou e guionizou o programa *Chascarraschás* e, como docente, ofreceu ao longo dos anos diversos cursos de formación para intérpretes.

Traxectoria teatral seleccionada

Ano	Obra	Compañía	Traballo
1959	El octavo día	Cía Garcés e Enrique Fava	Actor
1968	A revolta	A Nosa Galiza (Suíza)	Director/actor
1985	Historias de Taparratá	Teatro Caritel	Director/actor
1985	Olo ó piollo, King-Kong	Teatro Caritel, en coprodución co CDG	Actor
1986	A noite vai coma un río	Centro Dramático Galego	Actor
1987	Cochos	Uvegá Teatro	Director /actor
1987	A Pousadeira	Centro Dramático Galego	Actor
1988	Tringuilín Trángala	Uvegá Teatro	Director/autor
1988	O mozo que chegou de lonxe	Centro Dramático Galego	Actor
1990	Fedra Gómez	Uvegá Teatro	Director/autor
1991	A elas e a Cunqueiro	Uvegá Teatro	Director/actor
1991	O incerto señor don Hamlet	Centro Dramático Galego	Actor
1992	Volve o cabaré	Uvegá Teatro	Director/autor
1992	A Lagarada	Centro Dramático Galego	Actor
1993	Saxo Tenor	Teatro do Aquí	Actor
1995	Viaxe e fin de don Frontán	Centro Dramático Galego	Actor
1995	Nau de amores	Centro Dramático Galego	Actor
1999	Un home que se parecía a Macbeth	Uvegá Teatro	Director/actor/autor
1999	Xelmírez ou a gloria de Compostela	Centro Dramático Galego	Actor
2000	A señorita Xulia	Uvegá Teatro	Director/adaptación
2001	O retrato de Dorian Grai	Uvegá Teatro	Director/actor/adaptación
2002	Mulleres	Uvegá Teatro	Director/adaptación
2004	Pallasos	Uvegá Teatro	Director/autor/actor
2004	Lorenzo Varela, irmán, compañeiro, camarada	Uvegá Teatro	Director/actor
2005	Tío Vania	A Factoría	Actor
2006	Regreso ao deserto	Centro Dramático Galego	Actor

MANIFESTO GALEGO DO DÍA MUNDIAL DO TEATRO

XURXO BORRAZÁS

O escritor Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) será o encargado de redactar e ler o Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro durante a cerimonia dos XIX Premios María Casares. Deste xeito, o autor subirá o próximo xoves 26 de marzo ao escenario do Teatro Rosalía Castro para ler o seu texto, tal e como en edicións anteriores fixeron xornalistas como Camilo Franco, historiadores como Ramón Villares –presidente do Consello da Cultura Galega- e escritores como Xosé Luís Méndez Ferrín -ex presidente da Real Academia Galega- ou Cesáreo Sánchez -presidente da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG)-, entre outras personalidades que se sumaron á festa do teatro.



Xurxo Borrazás agradécelle á Xunta Directiva da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), entidade organizadora dos Premios María Casares, a encarga de realizar o manifesto, o cal considera unha “auténtica honra”. En palabras do autor, na escena atópase a orixe mesma de toda literatura. **“O teatro significa o berce da literatura. Dende o teatro clásico, a escena recolle todas as emocións posibles e retrata o seu propio tempo”**, resume Borrazás, quen ademais destaca a “vinculación moi forte tanto a nivel persoal como estético” que o une ao teatro.

Narrador, ensaísta e tradutor, Xurxo Borrazás naceu en Carballo en 1963. Licenciouse en Filoloxía Xermánica pola Universidade de Santiago de Compostela e, na actualidade, exerce de

profesor de inglés nun centro de ensino secundario de Vigo, cidade na que reside desde 1990. A súa obra escrita abrangue tanto novelas como ensaios, como tamén traducións de textos de carácter científico e colaboracións en diversos medios de comunicación, como son *El País*, *Praza Pública*, *Sermos Galiza* ou *Tempos Novos*.

A súa actividade literaria comezou en 1991, ano no que publicou en Sotelo Blanco a súa primeira novela, *Cabeza de chorlito*. A partir dese momento, converteuse nun dos autores máis destacados da literatura galega na década dos noventa, con títulos como *Criminal* (Sotelo Blanco, 1994), novela coa que conseguiu o Premio da Crítica Española e o Premio Arcebispo San Clemente; *Eu é* (Sotelo Blanco, 1996), *Contos malvados* (Xerais, 1998) ou *O desintegrasta* (Xerais, 1999). No ano 2000, gañou o Premio Antón Losada Diéguez con *Na Maleta*. A partir de aí, escribiu outras obras de narrativa como *Pensamentos impuros* (Xerais, 2002), *Ser ou non ser* (Galaxia, 2004), *Costa Norte/ZFK* (Galaxia, 2008) ou *Covalladas. Prosa vertical* (Galaxia, 2010). Como ensaísta, Borrazás publicou en Galaxia a obra *Arte e parte. Dos patriarcas á arte suicida* no ano 2007, pola que lle outorgarían o Premio da Crítica de Galicia 2008 na categoría de Ensaio. Na súa faceta de tradutor, Borrazás trouxo ao galego, entre outras obras, *Trópico de Cáncer*, de Henry Miller, e *O ruído e a furia*, de William Faulkner.

TEATRO

Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro. Autor: Xurxo Borrazás

Ser ... basicamente, é ser outro.

Desde cativos xogamos a ser trastes e a ser quen non somos, e no marco dese xogo xogamos outros xogos dramatizados, teatro dentro do teatro, coma se non houberse límites. Xogamos despois a construír o personaxe en escenas de familia, de amor, de revolta, de desamor... Buscamos papeis de adulto e disfrazámonos de adulto para resultar críbeis. Xogamos a ser traballadores, ou pais e nais, sen estar moi convencidos de que eses sexan os papeis da nosa vida. Dicimos que a vida en parella é teatro, que a oficina é teatro, que unha voda, un xuízo, un discurso ou un funeral son teatro. Preguntámonos que facemos aquí e afirmamos que toda a vida é teatro...

Quen lle dera!

No teatro non se perde o norte. Na vida, quen máis quen menos cae no erro de tomarse en serio. E que ocorre cando alguén se toma demasiado en serio? Primeiro que os demais o toman a broma, segundo que o serio se radicaliza e tenta prohibir as bromas. E para non caer no ridículo de prohibir unicamente as que lle fan a el, ou ela, prohíbeas todas, a ver se así non se nota.

No escenario máis extremo, nas dictaduras e as teocracias, prohíbese non só a escola, senón bailar e cantar, disfrazarse, a risa pública, a festa, a caricatura, e por suposto o teatro enteiro.

Aquí non.

Aquí somos civilizados e as autoridades non prohiben a festa, “sempre que sexa sá”, nin a protesta, “con tal que sexa construtiva”. Non se leva a ninguén ao cárcere por



protestar, simplemente se lle mete unha multa de cabalo para que a próxima vez o pense dúas veces antes de dar un couce.

Da mesma maneira non se persegue o teatro, só se adurmece ninguneando as iniciativas ou menosprezando as compañías, racaneando o acceso ás salas, arrombándoo nas programacións culturais, desecando os orzamentos para a formación e o teatro público, subindo impostos para que o prezo actúe de barreira, renunciando á promoción... Ao teatro non hai que cortarlle os pés senón darlle patadiñas nas canelas e regalarlle ás de chumbo para que non voe, obrigar a que cada representación se convirta nunha epopea de actores e actrices que ao tempo deben ser directores, produtores, representantes, iluminadores, músicos, transportistas, maquilladores, escenógrafos, xastres, cobradores... e por suposto ter un traballo aparte que os manteña. O obxectivo último é impedir que o espectáculo se normalice e poida converterse en medio de vida digno, atraente e non desilusionante para quen se apaixone por el.

Aqueles que se toman en serio son sistemáticos. A mesma medicina aplícanlleva á literatura, aos medios, mesmo á música... se é en galego, porque a nai de todos os obxectivos é conter a lingua galega como emblema da nosa cultura. Os serios non teñen nada contra o polbo á feira, a praia da Lanzada, o Pórtico da Gloria, o albariño de Cambados ou a romaría da Franqueira. Son os primeiros en chorar cando escoitan unha gaita. O que non aturan é a diferenza da lingua. De maneira que a representación de Galiza prefiren deixala en mans de Enrique Iglesias, David Meca, ou Marina Castaño.

E aínda así no teatro seguimos adiante, escachamos coa risa e fervemos cada vez que se descorre o pano e o público aplaude.

Que frío vai no mundo! Que ben se está no teatro!

A GALA DE ENTREGA

Un ceo de bombillas para iluminar uns Premios María Casares que viaxan á multiculturalidade da man de Elefante Elegante

A proposta do Elefante Elegante para a presentación da Gala dos Premios María Casares de 2015 xorde da vontade de traballar arredor da viaxe, con todo o que isto implica. A idea ten espectros moi diferentes que vertebran o tema principal: A itinerancia como xeito de vida. Pola contra que noutros lugares non moi afastados, aquí as compañías representan os seus espectáculos en teatros sempre diferentes, dun xeito non moi arredado daquela troupe que non hai tanto tempo viaxaba a ningunha parte. Tres aspectos principais da concepción da gala.

- **A multiculturalidade e o respecto á diferenza.** Tomar distancia das nosas raíces para mergullar en culturas de referencias diferentes para mellor apreciar quen somos e quen son os outros. A multiculturalidade como riqueza, como expansión das posibilidades de ser.
- **A emigración** como triste solución para saír da precariedade para persoas brillantes que non atopan o seu lugar e vense obrigadas a coller unha maleta chea de incertezas e iniciar unha viaxe de rumbo incerto. Porque hai viaxes e viaxes.
- **Ser artista ao lonxe.** Con sutileza e elegancia trátanse o tema dos dereitos e rexímenes de traballo dos artistas mais aló dos Pirineos. As diferentes cotas de autónomos, o IVE, o chamado estatuto de artistas, a intermitencia. Porqué o sur de Europa é o sur de Europa.



ESQUEMATIZACIÓN DRAMATÚRXICA E HAMLET



Elefante Elegante propón unha sedutora a idea que pasa por tratar os diferentes aspectos do tema a través da visión dunha Troupe de Teatro. A compañía evita atarse a unha dramaturxia narrativa pechada, de xeito que a raíz do concepto de troupe, do teatro no teatro, pódese viaxar ao centro da profesión e homenaxear tanto as artes e a súa esencialidade na nosa cultura coma o seu labor social e espiritual.

Os cómicos que Hamlet contrata para relatar a verdade do acontecido co seu pai e representar no palacio ante a súa nai e o seu tío, resultan para

Elefante Elegante fortemente inspiradores e dalgún xeito motores dramáticos desta proposta. A Troupe ideada por Elefante Elegante, espello da propia profesión das súas tensións, dificultades internas e loita pola supervivencia, é contratada para presentar a gala.

ESPAZO ESCÉNICO E ESCENOGRAFÍA

O espazo escénico virá articulado por elementos relativos á viaxe e á itinerancia. Maletas, baúis e diferentes obxectos e materiais orgánicos que crearán os espazos segundo a necesidade de cada momento. Por outra banda, o escenógrafo Suso Montero será o encargado de realizar a escenografía da Gala dos XIX Premios María Casares. O autor destaca que no Teatro Rosalía Castro haberá un ceo de mil bombillas que acompañará á compañía Elefante Elegante na condución da gala. Para Montero, o conxunto de lámpadas poderá brillar coma simples vagalumes ou escintilar con toda a potencia do sol. Deste xeito, o gran número de lámpadas será o elemento esencial da escenografía. Pola súa banda, o Centro Dramático Galego encargárase de confeccionar o decorado.



SUSO MONTERO

Escenógrafo e artesán. Ten deseñado carteis, figurinos e decorados para máis de 35 producións teatrais profesionais, entre as que destacan Informe para unha Academia (Troula, 1983), Almas perdidas (CDG-Artello, 1987), Moleques (Ollomol, 1989), Batea (Artello, 1990), Escola de Bufóns, (1996, Ollomoltravía) ,Metamorfose (2000, Ballet Druída), Footing (2001, Ancora), Daquel Abrente (2003, CDG) .

Dende 1987 ten deseñado máis 200 decorados para diversos programas da Televisión de Galicia, entre eles A toda máquina (1987), Corazonada (1989), Adiviña quen vén esta noite (1990), Unha de romanos (1991), Luar (1993/2000), diversas xiras do Xabarín Club (1997/99), Supermartes (1996/2003), Máxima Audiencia (2004-2005), e innumerábeis especiais de Verán, Nadal, Reis, Aniversarios, Moda, 25 de Xullo, entregas de premios, etc., así como os decorados para o Telexornal dende 1990 ata o 2005 .

En cinema e vídeo, entre outros traballos, foi axudante de dirección artística do filme O lapis do carpinteiro (2001), e director artístico das teleseries Mareas Vivas (1998), Galicia Express (2000) ou Pequeno Hotel (2001), Piratas (2012).

Recibiu o premio ao mellor vestiario nos Premios María Casares, por Escola de Bufons (1997) e por Viaxe a Ningunha Parte (2013) e nos AGAPI por A noiva de medianoite. Ademais, foi galardoado coa Medalla de Ouro da Feira Internacional de Artesanía de Múnic (Alemaña, 1991), e co Premio de Deseño Artesanal de Consellaría de Industria e Traballo da Xunta de Galicia (1995). Premio de Honra Fernando Rey no ano 2009 a toda á súa traxectoria profesional.

Música. KIBITKA

A música estará a cargo do grupo Kibitka, unha caravana, unha casa migratoria. A bagaxe e as viaxes dos músicos persoas que van nesta kibitka trouxeron músicas de Armenia, Bielorrusia, Moldavia, Galiza e Rusia, agregaron ritmos e influencias latinas, rescataron sonoridades esquecidas. Kibitka



construíu amodo músicas propias e un estilo orixinal. Toda unha equipaxe para esta viaxe migratoria que espreme traxectos, distancias, rupturas afectivas e seducións entre dous universos en confrontación: o da partida e o do acollemento. Os sons migran, polo tanto, coas persoas e a través delas, expoñéndose, igual que a xente de Kibitka, á aventura dun novo hábitat.

MÚSICOS DE KIBITKA NOS MARÍA CASARES

Voz e guitarra	Andrey Volodim
Percusión	Antonio Vázquez Seoane
Gaitas e frautas	Manolo Vázquez
Violín	Tania Capon
Clarinete	Alfredo Gómez
Baixo	Yuri Sidar

Elefante Elegante

A compañía Elefante Elegante desde as orixes crea espectáculos de teatro visual baseados no xesto e mais no movemento. As súas creacións buscan na auténtica universalidade, xurdindo da fusión de diferentes linguaxes: o teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais.

T
R
A
X
E
C
T
O
R
I
A



A compañía, de orixe galego-portuguesa, foi creada en 2007 por María Torres e Gonçalo Guerreiro e ten a súa sede na Coruña. Nace para dar forma artística ás súas inquedanzas sociais e existenciais Elefante Elegante comezou como proxecto experimental no ano 2000 co nome de Teatro Escondido. Este proxecto viaxou durante sete anos entre Galicia, Bélxica e Portugal e del facían parte actrices e actores de diferentes países europeos. A súa interpretación baseábase no xogo corporal co obxectivo de desenvolver unha linguaxe teatral universal. Estes anos de experimentación foron fundamentais para que puidera nacer o Elefante Elegante. Os seus espectáculos teñen sido acollidos en Galicia, Portugal, Bélxica, Suíza, Francia e Italia.

Entre as montaxes que levan producido nestes anos, atópanse *Iliria* (2008), *Granito* (2008), *In* (2009), destinadas ao público adulto, ou *Tristán* (2007), *O forno* (2008), *O aviador* (2012) e *Nuncabunga* (2012), para público familiar. Precisamente, con esta última montaxe, Elefante Elegante fíxose co María Casares ao Mellor espectáculo en 2013. Na actualidade, veñen de presentar *Kassa*, coa que aspiran a tres xerras dos premios do teatro na actual edición.

ELENCO



ÁNGELA BLANCO

Naceu na Coruña en 1983. Con base de ximnasia deportiva, no ano 2004 comeza a formarse en danza contemporánea e creación escénica. De maneira non regrada achegase a disciplinas coma o teatro físico, a improvisación teatral ou a psicodanza; ademais de danza

butho e canto. Aprende de Mestres como Ana Beatriz Pérez, Armando Martén, David Zambrano, Marta Carrasco, Juscka Weiguel, Hisako Korikawa, Lali Ayguade. Traballa con diferentes compañías galegas como *Entremans* (2008), proxecto de videodanza con *Pisando Ovos* (2006) e *Elefante Elegante* (2009). En paralelo desenvolve o solo de danza-teatro *Descarriadas*, diferentes performances en museos, e imparte clases de danza e danza teatro. Membro da asociación cultural *Manicómicos* e da asociación de danza galega *Danesga*, actualmente fórmase e interésase pola unión da danza e o circo, tamén chamado arte do imposible.

IRIA PINHEIRO

Iria Pinheiro naceu en 1978. Con ampla experiencia en curtametraxes, onde se contan até catorce títulos (Premio Mellor Actriz no Festival Curtas na Rede 2010 por *Freud*, de Xabier Marques), traballou en longametraxes con directores como Mario Igesias ou Ángel Santos. Recentemente traballou na curtametraxe *Cinco irmás* (2013), dirixido por Isaki Lacuesta. Ademais, colabora habitualmente coas compañías de teatro Chévere e Elefante Elegante e coa de danza contemporánea de Branca Novoneyra, entre outros proxectos. Tamén formou parte



da montaxe d'As *Dunas*, do Centro Dramático Galego. Coñecida polo seu labor na televisión autonómica (TVG), actualmente é actriz e tertuliana no programa *Laretando*. Comezou a traballar nesta cadea en 2004 en programas como: *Pillados*, *O Programón*, *Luar* ou *Zapping Comando*. É principalmente no campo do cabaret no que se desenvolve a maior parte da súa actividade como actriz, cantante, guionista e compositora. Participou como actriz en numerosos videoclips de distintas bandas: Roy Ellis & Transilvanians, Lamatumbá, Juanito Brothers, Donatore dei groove, Eladio e os Seres Queridos, Heroínas e Caxade.

No campo audiovisual ocasionalmente fai videocreacións para outras persoas, como o caso da peza realizada para o recital de Branca Novoneyra na Casa Encendida(Madrid) con motivo do premio La voz más joven 2010. Con quen repetiu como con co-directora e foto fixa da súa última peza, *Linde* (2012). Realiza videopoemas en colaboración do seu socio, Jesús Tejada, dentro do proxecto de poesía escénica DandyLady. É vocalista da Orquestra Os Modernos.



MARÍA TORRES

María Torres naceu en 1975 en Palma de Mallorca e veu para Galiza con nove meses. Licenciouse en Ciencias Empresariais na Universidade da Coruña. En 1998 realizou un post-grao en Arte Dramática organizada pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballou como actriz en varias compañías galegas como o Teatro da Bufarda, Catracha Teatro, Espello Cóncavo, Trinke Trinke e Teatro do Alacrán. En 1999 iniciou unha viaxe por Europa que durou sete anos e que a levou a coñecer importantes mestres:

Estudou Commedia dell'Arte con Antonio Fava en Italia e Teatro Antropolóxico con Eugenio Barba en Sevilla e na Polonia. Cunha bolsa da Deputación da Coruña diplomouse na École Lassaad, en Bruxelas, que segue a pedagogía de Jacques Lecoq do estudo do movemento. No cinema traballou cos directores Rosana Vázquez, Pablo Llorca e Beatriz del Monte. María Torres é actriz e co-directora da Compañía do Elefante Elegante.



Gonçalo Guerreiro

Gonçalo Guerreiro naceu en Lisboa en 1974. Concluíu o curso de formación de actores na Escola Superior de Teatro e Cinema de Lisboa despois de pasar pola Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid como bolseiro. Traballou como actor nas compañías portuguesas A Barraca e Teatro do Montemuro. Dirixiu espectáculos do Teatro Escondido, da Compagnie Imagerie e da Compagnie Blablblah na Bélxica. É diplomado pola École Lassaad, en Bruxelas, onde herdou a pedagogía de Jacques Lecoq do Teatro de Movemento. Estudou Commedia dell'Arte con Antonio Fava en Italia e

Antropoloxía Teatral con Eugenio Barba na Polonia, Dinamarca e Portugal. Ademais da súa actividade pedagóxica, Gonçalo Guerreiro é actor e codirector da Compañía do Elefante Elegante.

Pablo Sánchez

Pablo Sánchez, Diplomado en Ciencias da Educación, Técnico en actividades físicas e Técnico en educación infantil, estuda Interpretación no curso de Posgrao da Universidade de Santiago de Compostela e tamén nas escolas internacionais Scuola Internazionale dell'Atore Cómico (Italia), Circomedia (Inglaterra) e Dell'Arte (EEUU). Asiste tamén a numerosos cursos onde traballa con mestres como Carlo Boso, Claudia Contin, Carlo Mazzone Clementi, Norman Taylor, Carlo Colombaioni, Eric de Bont, Michael Fields, Leo Bassi, Key Goto....



Empeza o seu traballo de actor no ano 1987 e dende entón pasou por grupos como Sardiña, Hipógrifo Violento, Falcatrúa, Catrabucha Teatro, Trinke Trinke, Ollomol Tranvia, Berrobamban, Quinquilláns, Katarsis, Teatro Maltés, San&saN, Os Contos de Pablisimo, Elefante Elegante, Molierensemblen (Suecia) ou Teatr Formy (Polonia). Consegue o 1º premio no Festiclown de Pontevedra

co espectáculo *Concerto Bífido* e o premio Escena Azul en Valencia co espectáculo *Nasional Geographic*.

Realizou e dirixiu as loitas escénicas en películas como *El regalo de Silvia*, *Sara* e *Diario de un Skin*, e tamén traballou como actor en diversos programas do eido audiovisual. Como docente traballou con diversas idades e en diferentes escolas como Danthea, Escola de circo de Ferrol, Master de Estudos Audiovisuais da Coruña ou a Escola Universitaria de Relacións Laborais, Escola Universitaria de Ciencias da educación, Escola de teatro físico San&saN ou a Escola Municipal de teatro de Narón, onde imparte a materia de teatro físico dende o 2001. Como actor ten xirado con distintas compañías e por diversos festivais en países como Cuba, Arxentina, Irlanda, Singapur, Suecia, os EUA ou Polonia.

CRÉDITOS DA GALA DOS XIX PREMIOS MARÍA CASARES

XUNTA DIRECTIVA	
Presidente	Avelino González
Vicepresidenta	Victoria Pérez
Secretario	Guillermo Carbajo
Vogais	Marián Bañobre, Diego Freire, Ricardo de Barreiro, Vicente Mohedano e Iria Pinheiro.
COMISIÓN PREMIOS MARÍA CASARES	
Victoria Perez, Ricardo de Barreiro, Guillermo Carbajo e Vicente Mohedano	
EQUIPO DA GALA	
Dirección e guión	María Torres e Gonçalo Guerreiro. Cía Elefant Elegante
Dirección Musical	Vadim Yukhnevich
Coreografía	Ánxela Blanco
Deseño escenografía	Suso Montero
Vestuario	Marcia Edleditsch, Centro Dramático Galego
Vestuario canción italiana	Marujita Alegre
Maquillaxe e Perruquería	Yolanda Paz
Asistente de dirección	Marcial Blanco
Actores	Ánxela Blanco, Gonçalo Guerreiro, Iria Pinheiro, Pablo Sánchez e María Torres

Música: Kibitka	Voz e Guitarra: Andrey Volodim Percusión: Antonio Vázquez Seoane Gaitas e gratuas: Manolo Gázquez Clarinete: Alfredo Gómez Baixo: Yuri Sidar
Atrezzo	Elefante Elegante, CDG
Realización e montaxe escenografía	CDG e Iluminaciones Santiaguesas SL
Iluminación e son	Producciones Emsac SL
Vídeo Nomeados:	Manuel Silv
Voz en off	Vicente Mohedano
Video Premio de Honra	TVG
Produción executiva e Producción Xeral	Marta Horjales
Administración	Alberto Blanco
Comunicación	Alberto Ramos
Protocolo e RR. PP.	Trevisani / TRC
Deseño cartel e grafismo	Manuel Silva
Imprentas	Grafisant, Creade
Deseño e realización figuras María Casares	Sargadelos
Fotografía	La Diapo, Corsino
Seguros	Mapfre
Asesoría	Xestión Social
Notario	Víctor Peón
EQUIPO TVG	
Realizador TVG	Gabi Paz
Iluminador TVG	Alberto Goitia
Produtor TVG	Carlos Regueira
Agradecementos	Restaurante La Tita, Mohamed Azibou, Concello da Coruña Equipo Teatro Rosalía Castro, Centro Ágora, Centro Dramático Galego, Iluminaciones Santiaguesas S. L, Equipo TVG, Teatro de Ningures, AC Manicómicos, Sobre Rodas, Escola de Teatro de Narón



ORGANIZA	PATROCINA	
		
PATROCINA		
		
COLABORA		
		
		 <i>Trevisani</i>